

CAMPAMENTO XUVENIL A DEVESA (RIBADEO)

INFORMACIÓN XERAL:

DATOS XERAIS:	Con capacidade para 250 prazas en tendas de campaña. Conta con sala de TV, sala para actividades, comedor, cociña, enfermería e instalacións deportivas.
SITUACIÓN:	Atópase na parroquia da Devesa, (concello de Ribadeo), a 100 metros das praias de Reinante e das Catedrais.
ACCESOS:	Por estrada : a 11 km de Ribadeo, na estrada C-642. Autobuses desde Lugo a Ribadeo todos os días. Por ferrocarril : Estación FEVE en Reinante e Ribadeo, (liña Ferrol-Xixón).
ENDEREZO:	Campamento Xuvenil "A DEVESA" 27796 - A Devesa – Ribadeo (Lugo). Tel.- 982 123 300

QUENDAS E ACTIVIDADES:

QUENDAS	DESCRICIÓN ACTIVIDADES
Devesa Creativa Danza e música 1-12 de xullo	Actividades náuticas : skimboard, surf, snorkel, aula de natureza mariña Escalada en rocódromo e tiro con arco Xogos e deportes, bicicleta, xeocaching, sendeirismo. Obradoiros , veladas e excursións Temáticas: Danzas de Galicia, instrumentos musicais, percusión
Implíca-T na Devesa 1-12 de xullo	Voluntariado social, etnográfico e medioambiental Actividades náuticas : skimboard, surf, aula de natureza mariña Escalada en rocódromo e tiro con arco Xogos e deportes, bicicleta, xeocaching, sendeirismo. Obradoiros , veladas e excursións
Devesa Creativa: Arte Urbana 17-28 de xullo	Actividades náuticas : skimboard, surf, snorkel, aula de natureza mariña Escalada en rocódromo e tiro con arco Xogos e deportes, bicicleta, xeocaching, sendeirismo. Obradoiros , veladas e excursións Temáticas: Arte urbán 3D, Parkour, Specific Art e Graffiti.
Devesa Creativa: Imaxe e Son 17/28 de xullo	Actividades náuticas : skimboard, surf, snorkel, aula de natureza mariña Escalada en rocódromo e tiro con arco Xogos e deportes, bicicleta, xeocaching, sendeirismo. Obradoiros , veladas e excursións Temáticas: Fotografía, Radio Online, BeatBox, DJ, LipDub, Flip Book
Implíca-T na Devesa 02-13 de agosto	Voluntariado social, etnográfico e medioambiental Actividades náuticas : skimboard, surf, aula de natureza mariña Escalada en rocódromo e tiro con arco Xogos e deportes, bicicleta, xeocaching, sendeirismo. Obradoiros , veladas e excursións
Devesa Creativa: Artes Escénicas 02-13 de agosto	Actividades náuticas : skimboard, surf, snorkel, aula de natureza mariña Escalada en rocódromo e tiro con arco Xogos e deportes, bicicleta, xeocaching, sendeirismo. Obradoiros , veladas e excursións Temáticas: Doblaxe, curtametraxe, títeres, clown, obradoiros de voz e interpretación.

NORMAS XERAIS

1. Os participantes estarán atendidos, permanentemente, por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades propias destes campamentos.
2. Cómtese con atención sanitaria. Os participantes deberán levar ao campamento a **tarxeta sanitaria orixinal**, especialmente as de MUFACE e o talonario de receitas. Calquera incidencia de consideración será comunicada ao teléfono familiar do acampado/a.
1. O teléfono para poder falar cos acampados é o número: **982 123 300**. O horario de atención será de 15.00 a 16:00 e de 21:30 a 22.00 horas. Neste tempo haberá unha persoa para recoller os avisos e para atender as consultas. Tendo en conta o elevado número de xoves e co fin de evitar que se colapsen as liñas telefónicas, debe evitarse chamar continuamente por teléfono, (os participantes poderán facelo despois da comida). Os participantes disporán dun teléfono de tarxeta e de moedas.
3. Os participantes incorporaranse na data e horarios establecidos, acompañados dos seus pais, titores ou persoa adulta autorizada.
4. Ningún participante poderá abandonar o recinto do campamento sen autorización do Director da actividade, e sempre acompañado dos seus pais, titores, ou persoa adulta autorizada debendo cubrir o impreso axeitado, que lles será facilitado polos monitores, ademais da fotocopia do DNI dos pais e a autorización escrita e a fotocopia do DNI da persoa autorizada, de ser o caso. Prégase non facer visitas, de non ser necesario, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
5. Débese comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos que estean tomando os participantes, e mesmo as alerxias, doenzas ou calquera outra incidencia que se considere de interese para ter en conta nestes días.
6. Os directores de actividade teñen prevista a organización dun “banco” de cartos e outro de móbiles (con funda e cargador).